

ACTA NÚM. 3 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS PARA POSIBLES COBERTURAS PUNTUAIS DE POSTOS EN CASO DE URXENTE NECESIDADE

PROCESO SELECTIVO: LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS

No salón de plenos do Concello de Rianxo, ás 10:23 h do día 09/05/2017, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración dunha lista de contratación temporal de AUXILIARES ADMINISTRATIVOS segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 626/2016 do día 09/12/2016 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 192/2017 do 13/03/2017, coa seguinte composición:

Presidente: Patricia Fernández Pérez
Vocal: Rebeca Suárez Martínez
Vocal: Francisco Javier Sieira Blanco
Vocal: M^a Aurora Rodríguez Rey
Secretaria-Vocal: Patricia Sánchez Castelo

O Tribunal detectou no cadro de respostas do exame celebrado o día 31/03/2017, correspondente ao primeiro exercicio da fase de oposición para a elaboración dunha listaxe de auxiliares administrativos/as, a existencia das seguintes incidencias:

- pregunta 17: o erro está no cadro de respostas, sendo a correcta a resposta "C"
- pregunta 34: anúlase e substitúese pola 1^a pregunta de reserva

Advertido o erro resulta imprescindible unha revisión exhaustiva de todos os exames xa que pode dar lugar a cambios nas puntuacións que poderían modificar as situacións de unha ou de varias persoas aspirantes.

O tribunal, por seguridade xurídica e coa finalidade de garantir a boa marcha do proceso, toma por unanimidade os seguintes acordos:

Primeiro: aprázase a data do exame do VENRES 12 DE MAIO DE 2017 a unha nova data que en ningún caso será antes do 10 DE XUÑO DE 2017. A nova data, xunto coas oportunas correccións nas puntuacións, publicaranse na sede electrónica municipal **sede.concelloderianxo.es** e no taboleiro de anuncios do Concello, así como no seu sitio web (**concelloderianxo.gal**).

Segundo: o proceso queda en suspenso ata a revisión das puntuacións do primeiro exame e valoración dos aspirantes que a superen, que serán os únicos que serán convocados para a realización do segundo exame.

Acórdase deixar sen efectos a anterior lista de persoas convocadas para participar na última proba da fase de oposición ata realizar a revisión completa dos exames xa realizados.

Terceiro: o Tribunal reunirase de novo ás 12:00 horas do venres día 12/05/2017 no Auditorio de Rianxo para comezar o citado proceso.

Cuarto: o tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto do segundo exame da fase de oposición:

(...)“Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista neste.

Consistirá na realización dun ou varios supostos prácticos relacionados coas funcións dos AUXILIARES ADMINISTRATIVOS/AS.”(...)

Como varias persoas aspirantes manifestaron non ter suficiente información da 2ª proba, adóptanse por unanimidade os seguintes criterios:

- 1.- A proba consistirá no desenvolvemento de varias preguntas cortas sobre cuestións prácticas relacionadas coas funcións do persoal Auxiliar administrativo, sempre tendo en conta o temario relacionado no Anexo I das bases que rexen o citado proceso.
- 2.- Non se permitirá o uso de leis, manuais, libros, calculadoras, móbiles, ... ou calquera outro dispositivo que non se permita expresamente.
- 3.- Este exercicio terá carácter eliminatorio e, para superalo, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nel.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as once trinta horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscrita polos membros do Tribunal.